



NOTA DE PRENSA

Pilar Rojo recibiu, no seu despacho do Parlamento, ao Conselleiro Maior, Antonio López

O Consello de Contas entrega ao Parlamento a Memoria e os Informes correspondentes ao Plan de Traballo do 2009 (exercicio 2007)

Santiago, 2 de xuño de 2010.- O Conselleiro Maior do Consello de Contas de Galicia, Antonio López Díaz, entregoulle á Presidenta do Parlamento, Pilar Rojo, a memoria de actividades e os informes elaborados en execución do Plan de Traballo para 2009.

O exercicio obxecto dos informes é 2007, agás o informe sobre a contratación da administración xeral e da cofinanciada con fondos europeos, que abrangue o ano 2006 e os informes sobre confrarías, que analizan os exercicios 2006 e 2007.

A documentación achegada inclúe os seguintes tomos e volumes:

DOCUMENTOS	
-	Memoria anual de actividades do Consello de Contas de Galicia correspondente ao exercicio 2009.
-	Contas anuais da institución referentes ao exercicio 2009.
-	Informe sobre contas rendidas en 2009 correspondentes ao exercicio 2008.
INFORMES DE FISCALIZACIÓN SOBRE O SECTOR PÚBLICO DE GALICIA:	
Tomo I	Declaración definitiva sobre o exame e comprobación da conta xeral da comunidade autónoma e Conta Xeral da Comunidade Autónoma, ex. 2007.
Tomo II	Contratación Administrativa da Administración Xeral e da Cofinanciada con Fondos Europeos: Medida 3.3. do POI GALICIA, ex. 2006.
Tomo III	Fondo de Compensación Interterritorial (FCI), ex. 2007
Tomo IV	Fondos procedentes da Unión Europea, ex. 2007
Tomo V	Conta Xeral do Sergas, ex.2007
Tomo VI	Actividade Extraordinaria (Autoconcertación) nos Hospitais Públicos do Sergas, ex. 2007
Tomo VII	Actividade de Diagnóstico por imaxe mediante Tomografía e Resonancia Magnética, ex. 2007
Tomo VIII	Actividade Concertada do Sergas, ex. 2007
Tomo IX	Contratación de Servizos Xerais nos Hospitais do Sergas, ex. 2007
Tomo X	Informe Xeral de Confrarías de Pescadores de Galicia, ex. 2006-2007



Tomo XI	Informes correspondentes aos exercicios 2006-2007 das seguinte Confrarías de Pescadores de Galicia: Camiñas, Cambados, Cedeira, Corcubión, O Grove, Malpica, Ribadeo.
Tomo XII	Actividade Económica-Financeira das Entidades Públicas dependentes da Administración Xeral da Comunidade Autónoma, ex. 2007
Tomo XIII. Vol. 1	Conta Xeral das Entidades Locais, ex. 2007
Tomo XIII. Vol. 2	Conta Xeral das Entidades Locais, ex. 2007
Tomo XIV Vol. 1	Informe Xeral das Entidades Locais, ex. 2007
Tomo XIV Vol. 2	Informe Xeral das Entidades Locais, ex. 2007

Logo de superar os trámites regulamentariamente previstos, que contemplan, entre outros, a posta de manifesto do anteproxecto de informe aos entes obxecto de fiscalización e a recepción das súas alegacións (coa salvidade do informe sobre a Actividade Económico-financeira das Entidades Públicas dependentes da Administración Xeral da Comunidade Autónoma, e o informes sobre a Conta Xeral das Entidades Locais), todos os informes foron aprobados no Pleno do Consello de Contas pola unanimidade dos seus membros.

Toda a documentación atópase dispoñible dende hoxe mesmo na páxina web do Consello de Contas (www.ccontasgalicia.es).

Informes de Conta Xeral

O Consello de Contas fiscalizou de xeito específico as contas correspondentes ao exercicio 2007 das seguintes entidades:

- Conta Xeral da C.A.
- Conta Xeral do organismo autónomo SERGAS

Os traballos desenvolvidos, realizados conforme aos principios e normas de auditoría do sector público permiten declarar que **a Conta Xeral da Comunidade Autónoma reflicte razoablemente a actividade económico-financeira desenvolvida no exercicio 2007, presentando deficiencias na contabilidade patrimonial e estando afectada a súa representatividade polas salvidades e limitacións sinaladas nos informes de fiscalización.**

Informes de fiscalización específica

Presentanse tamén os seguintes informes de fiscalización selectiva, previstos no Plan de Traballo de 2009:

- Actividade Extraordinaria (Autoconcertación) nos Hospitais Públicos do Sergas
- Actividade de Diagnóstico por imaxe mediante Tomografía e Resonancia Magnética
- Actividade Concertada do Sergas



- Contratación de Servizos Xerais nos Hospitais do Sergas
- Actividade económico-financeira das entidades públicas dependentes da Administración Xeral da Comunidade Autónoma.

En aplicación de Plans de Traballo anteriores emitíronse os seguintes informes:

- Contratación Administrativa da Administración Xeral e da Cofinanciada con Fondos Europeos: Medida 3.3. do POI GALICIA.
- Confrarías de pescadores.

Rendición de Contas (do exercicio 2008)

1. Sector público autonómico:

Entidades	En prazo	Fóra de prazo	Non renderon
Parlamento	1		
Integrando a Conta Xeral da Comunidade Autónoma			
Administración Xeral da Comunidade Autónoma	1		
SERGAS	1		
Organismos Autónomos	13		
Axencias	1		
Entidades de dereito público con personalidade xurídica propia que por lei teñen que adecuar a súa actividade ao ordenamento xurídico privado	10	2	
Sociedades con participación directa ou indirecta da CA no 100% do seu capital	11		
Sociedades con participación directa ou indirecta da CA superior ao 50%	11		
Fundacións	10		
Outras entidades	1		
Rendidas directamente ao Consello de Contas			
Fundacións	42	9	6
Universidades	3		
Cámaras de Comercio	7	3	
Consortios	3	1	2
Confrarías de pescadores	35	25	7
Outras entidades		1	1
TOTAL	150	41	16

En tomo aparte (*Informe sobre contas rendidas en 2009 correspondentes ao exercicio 2008*) e na páxina web figura con detalle a información anterior.



2. Sector público local:

Os datos de rendición de contas das Entidades Locais correspondentes ao exercicio 2007 son os seguintes:

ENTIDADES	TOTAL	CONTAS RENDIDAS		CONTAS NON RENDIDAS A 31-XII-2008		
		En prazo Ata 15-10- 2008	Fóra de prazo ata 31-12- 2008	Con defectos que implican non rendición	Fóra de prazo Despois de 31-12-2008	Non recibidas
Deputacións	4	4	0	0	0	0
Municipios	315	126	89	12	67	21
Mancomunidades	43	4	6	3	8	22
Consortorios	23	5	3	1	5	9
Ent. Loc. Menores	9	0	0	0	2	7
TOTAL	394	139	98	16	82	59
	100%	35,28%	24,87%	4,06%	20,81%	14,97%

En tomo aparte (*Conta Xeral das Entidades Locais, volúmen 1 e 2*) e na páxina web figura con detalle a información anterior.